

O antigo complemento por maternidade elimínase e no seu lugar introdúcese o **complemento para a redución da fenda de xénero (DA 18ª do texto refundido da Lei de clases pasivas)**.

Consiste nunha cantidade fixa de 27 euros mensuais (14 pagas) por cada filla ou fillo natural ou adoptado ata un máximo de catro para as mulleres que se xubilen **polo menos con 65 anos ou por incapacidade ou teñan dereito a pensión de viuvez xeradas a partir do 4 de febreiro de 2021. É dicir, non poden ser beneficiarias aquelas mulleres que se xubilen de forma anticipada.**

Este complemento **podrá superar o límite máximo das pensións públicas**. E actualizarase cada ano na mesma porcentaxe que as pensións contributivas.

Cando se compatibilizan pensións de máis de un réxime o complemento aplicarase unicamente á causada no réxime no que se teñan máis períodos de alta.

Este complemento **recoñecerase á muller sempre que non medie solicitude a favor do outro proxenitor.**

Se as dúas proxenitoras son mulleres recoñeceráselle a quen perciba pensión de menor contía.

Non se recoñecerá este complemento aos pais ou nais privados da patria potestade nin aos pais condenados por violencia contra a muller.

Para que o complemento poida ser solicitado polo **proxenitor home** debe cumprir un dos seguintes requisitos e en ambos casos corresponderlle unha pensión inferior á da muller:

- Causar pensión de viuvez.
- Causar pensión e ter visto afectada a súa carreira profesional polo nacemento ou adopción.

➔ Que se entende por afectación da carreira profesional?:

- ✓ No caso de fillos nados ou adoptados ata o 31 de decembro de 1994 ter máis de 120 días sen servizos entre os 9 meses anteriores ao nacemento ou a data de resolución xudicial da adopción e os 3 anos seguintes sempre que a súa pensión sexa inferior á da muller.
- ✓ No caso de fillos nados despois do 1 de xaneiro de 1995, que o funcionario cesara no servizo activo ou tivera unha redución de xornada nos 24 meses seguintes ao nacemento ou resolución xudicial de adopción. A redución de xornada debe ser superior ao 15% con respecto aos 24 meses inmediatamente anteriores. A contía da pensión ou pensións debe ser menor que a da muller.
- ✓ Se os dous proxenitores foran homes e se cumpriran as condicións de afectación da carreira profesional, corresponderá o complemento ao que teña a pensión de menor contía.

Quen ata a data **estivera percibindo o complemento por maternidade manterao**. Se dito complemento fose **menor que o novo complemento** para a redución da fenda de xénero pódese **optar** polo novo complemento